

Polo fin do comercio de armas co Israel

Israel está bombardeando deliberadamente na Faixa de Gaza barrios residenciais, escolas, campos de refuxiados, hospitais e ambulancias. O fiscal da Corte Penal Internacional ten aberto investigacións por [crimes de guerra](#) e organizacións de dereitos humanos e axencias de Nacións Unidas urxen a que a comunidade internacional tome medidas urxentes para deter esta masacre. Só entre o 7 de outubro e o 27 de novembro de 2023 foron asesiñadas en Gaza máis de 20.000 persoas, entre elas máis de 8000 nenos e nenas. [Save the Children](#) denuncia que habería máis mortes infantís na Faixa de Gaza neste derradeiro mes que en todos os conflitos do mundo desde 2019. Segundo estas organizacións, un neno morre cada 10 minutos en Gaza.

Expertos de Nacións Unidas chaman a atención do que está a suceder a día de hoxe en Gaza podería ser un [xenocidio](#) e instan a os gobernos a pasar a acción afirmando que "*os aliados de Israel tamén teñen responsabilidades e deben actuar agora para impedir seu desastroso curso de acción (...) todas as partes deben cumprir súas obrigacións en virtude do dereito internacional humanitario e dos dereitos humanos*".

O artigo I da [Convención para a Prevención e Sanción do Delito de Xenocidio](#) da que o Estado español é asinante, obriga a os estados a tomar medidas para previr e sancionar este tipo de crimes contra a humanidade. Lembremos que, ademais, este indicio de xenocidio cometese contra un pobo que leva décadas sometido a un réxime de apartheid, como denuncian [Amnistía Internacional](#) e [Human Right Watch](#).

O embargo de armas é un paso necesario nesta dirección e unha obriga non só moral, senon tamén legal, como recollese no marco xurídico español que prohibe a venda de armas a países en conflito o nos que danse importantes vulneracións de Dereitos Humanos. Estas normas son:

1. [Lei 53/2007, de 28 de Nadal](#), encol o control de comercio exterior de material de defensa e de duplo uso.
2. [Tratado encol o comercio de armas](#), ratificado por España o 17 de marzo de 2014.
3. [Posición común 2008/944/PESC](#) do Consello, de 8 de Nadal de 2008, pola que defínense as normas comúns que rixen o control das exportacións de tecnoloxía e equipas militares.

O goberno español xa tomou decisións semellantes con anterioridade como cando suspendeu a venda de armas en [Libia](#) durante a súa guerra civil ou a venda de material antidisturbios en [Venezuela](#). Contamos aínda cun precedente de suspensión temporal de armas a [Israel](#) en agosto de 2014. Nesta data, baixo a Presidencia de Mariano Raxoi, Israel asesiñou a 2205 palestinos en Gaza, dos que 538 eran nenos e nenas. Si naquel momento o embargo de armas estaba xustifico, hoxe é máis necesario que nunca.

É importante entender este embargo de armas de maneira bidireccional, é dicir, é necesario prohibir a venda coma a compra de armamentos e tecnoloxía de seguridade a Israel. España

compra moitas máis a Israel das que vende. Israel usa a Palestina de maneira especial na Faixa de Gaza, como campo de experimentación para tratar novas armas e métodos de represión que logo exporta para ser usados contra poboación civil no mundo. Estes produtos publicítanse como "[probados en combate](#)" e isto convertese nun valor engadido no mercado da seguridade e a defensa internacional. A marca "probados en combate" que Israel promociona fai referencia a produtos que estánse probando sobre poboación civil palestina. Un xenocidio tiña que rendir contas e non beneficios económicos.

Os gobernos, entre eles o Goberno do Estado español, ten a responsabilidades e o deber de contribuir ao mantemento da paz e ao respecto dos dereitos humanos en todo o mundo e isto pasa por acabar coa impunidade de Israel ante seus sistemáticos crimes contra o pobo palestino.

As entidades asinantes pensamos que o Estado español pode e debe liderar este proceso e converterse nun referente mundial para a construción da paz e a xusticia global.

Por todas estes motivos, esiximos ao Goberno de España o fin inmediato do comercio militar e de seguridade co Israel.